Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Fonte Santa de Cabreiros

Na parroquia de Cabreiros, concello de Xermade (Lugo) hai unha fonte coñecida como a Fonte Santa ou Fonte de Santa Mariña. Pódese ver onde estivo sentada a mártir e onde pousou as mans para beber, aínda que o primeiro home que a viu na terra non foi a carón desta fonte senón nun lugar chamado Porto de Santa Mariña. Esta Santa Mariña morreu decapitada e é a mesma que a de Santa Mariña das Augas Santas, en Allariz (Ourense).

En Cabreiros non saben de certo se a mataron alí ou en Allariz pero aseguran que aos que beben auga desta fonte aparéceselles Santa Mariña, santa patrona de Cabreiros.

BIBLIOGRAFÍA

XERMADE, O MEU POBO, Traballo realizado polos alumnado da 2ª etapa de E. X. B. do Colexio Público de Xermade, curso 1993-94, coordinado por Modesta Novo Muinelo e Águeda Fraga Pita, editado pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 1994.